



CONCELLO DE
OLEIROS

Diligencia.- Que estendo eu, secretaria accidental, para facer constar que as presentes bases aprobáronse en sesión da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 5 de novembro de 2014.

Oleiros, 5 de novembro de 2014

A secretaria accidental,

Pilar Ceta Alvarez

A Fábrica

BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A CAMPEONATOS INTERNACIONAIS.

I.- Bases reguladoras e financiación

Convócase a concesión de axudas a deportistas do Concello de Oleiros, ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros*, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2014.

As axudas outorgaranse con cargo á partida orzamentaria 2014/81.341.48902 ata o límite de 2.000 euros.

II.- Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas a deportistas do Concello de Oleiros seleccionados para participar en eventos deportivos oficiais que se celebren a máis de 600 kms. do Concello de Oleiros.

Quedan excluídos da convocatoria **aqueles eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor, así como a categoría de veteranos de calquera competición.**

As axudas son individuais e unipersonais. Só serán concedidas para participar en competicións deportivas oficiais de carácter internacional cuxas disciplinas contén con Federación Internacional e estean recoñecidas pola propia federación española e/ou galega da disciplina en cuestión.


III.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán solicitar estas axudas os deportistas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Estar empadroados no Concello de Oleiros.
2. Estar en posesión de licenza federativa en vigor na disciplina deportiva correspondente.
3. Ter sido seleccionado pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións de carácter internacional que se celebren ou se teñan celebrado ao longo do ano 2014.

IV.- Solicitudes

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro do Concello de Oleiros sito no Centro Cultural "A Fábrica", Rúa do Inglés, 13 - 15172, Perillo, no prazo de 15 días naturais desde que se publique o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e deberán formularse no modelo normalizado que se facilitará no mesmo, e que figura como anexo á presente convocatoria.



Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI e NIF do solicitante ou do seu representante legal (pai, nai ou titor).
- Volante de empadramento do Concello de Oleiros.
- Licencia federativa en vigor.
- Datos identificativos da conta na que desexa percibir a axuda (IBAN), mediante fotocopia compulsada da cartilla ou certificado expedido pola súa entidade bancaria. O solicitante deberá ser titular ou cotitular da mesma.
- Copia compulsada do Documento federativo que acredite que o deportista solicitante está seleccionado para competir na competición internacional para o que solicita a axuda e o lugar no que se vai a desenvolver.
- En caso de que o evento para o que se solicita a axuda houberse tido lugar con anterioridade a data límite de presentación de solicitudes, poderá aportarse xunto coa solicitude a documentación xustificativa que se sinala na cláusula VII desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 71 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

V.- Contía das axudas.

A axuda será única por persoa e ano, e ascenderá aos seguintes importes:

- 400 euros, cando o campionato se celebre nunha localidade que diste de Oleiros entre 600 e 1000 kms.
- 600 euros, cando o campionato se celebre nunha localidade que diste de Oleiros máis de 1000 kms.


No suposto de que o número de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria sinalada no artigo 1, efectuaríase unha minoración proporcional nos importes de todas as axudas concedidas, para que acadase para cubrir todas as solicitudes.

VI.- Concesión

As axudas serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta da Instrutora, que será a Concelleira delegada de Deportes. O acordo deberá adoptarse no prazo de dous meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía



CONCELLO DE
OLEIROS



administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:

Presidenta: - A Concelleira delegada de deportes.

Vocais: - A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.
- A Concelleira delegada de ensino e xuventude.

Secretaria: - Unha das auxiliares administrativas da Asesoría Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego e Xuventude; en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

A concesión notificarase aos beneficiarios mediante correo electrónico ao enderezo que eles mesmos facilitaran na súa solicitude.

Asemade, publicarase no taboleiro de Anuncios sito nas oficinas administrativas do Centro Cultural "A Fábrica" a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.


Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

VII.- Xustificación e pagamento

A xustificación deberá presentarse no Rexistro municipal sito no Centro Cultural "A Fábrica", e realizarase mediante certificación expedida pola federación española e/ou galega da disciplina en cuestión, na que conste a participación efectiva do solicitante no campionato para o que se solicitou a axuda.

Os beneficiarios deberán xustificar a súa participación na competición no seguinte prazo:

- Oito días hábiles contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda, no suposto de que a competición xa se teña celebrado previamente a dita data.
- Se a competición aínda non se celebrou á data de dita notificación, o prazo será de oito hábiles contados desde o seguinte á celebración da competición.



O pagamento efectuarase unha vez que fose xustificada a realización da actividade nos prazos e do xeito previsto nos parágrafos anteriores.

Se a xustificación presentada non reúne os requisitos necesarios, estarase ao disposto nos parágrafos 2 e 3 do artigo 76 da Lei 30/92, de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De non presentar xustificación ningunha dentro do prazo, declararase ao interesado decaído no seu dereito.


VIII.- Normativa reguladora

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2014; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

♣ ♣ ♣ ♣ ♣ ♣ ♣ ♣ ♣ ♣



CONCELLO DE
OLEIROS



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA ASISTENCIA A CAMPEONATOS DEPORTIVOS INTERNACIONAIS. ANO 2014.

A.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

APELIDOS

NOME.....

ENDEREZO

LOCALIDADE..... CÓDIGO POSTAL.....

TELÉFONO.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO.....

B.- DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso)

APELIDOS

NOME.....

ENDEREZO

LOCALIDADE..... CÓDIGO POSTAL.....

TELÉFONO.....

RELACIÓN CO SOLICITANTE.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO.....

C.- DATOS DEPORTIVOS

MODALIDADE DEPORTIVA.....

CLUBE.....

CAMPEONATO AO QUE ASISTE.....

LUGAR DE CELEBRACIÓN.....

DATA DE CELEBRACIÓN.....


D.- DATOS DA CONTA ONDE DESEXA PERCIBIR A AXUDA.

NIF DO TITULAR.....

ENTIDADE.....

OFICINA.....DÍXITO DE CONTROL.....

NÚMERO DE CONTA.....



E.- A CUMPLIMENTAR POR TODOS OS SOLICITANTES

D./^a _____, (deportista ou o seu representante),

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- 1.- **Que acepta as bases da presente convocatoria.**
- 2.- **Que non ten débedas pendentes de carácter tributario co Concello de Oleiros.**
- 3.- **Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
- 4.- **Que o importe das subvencións recibidas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas, non supera o custe da actividade subvencionada.**
- 5.- **Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando enterado de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.**
- 6.- **Que acepta a notificación da concesión ou denegación da axuda solicitada mediante correo electrónico ao enderezo que se sinala neste documento.**

_____, a _____ de _____ de 20____

Sinatura